

MEMORIA DO CURSO 2021-22

Grupo 1º de Bacharelato dirixido pola profesora María Xosé Costa Alcalde

Este curso 2021-22 dentro do grupo de traballo “Redes de Cooperación para traballar os dereitos humanos e a Memoria Democrática “ traballei co alumnado de 1º de Bac sobre a problemática da descolonización do Sahara Occidental.

A iniciativa xurdiu a partir da vídeoconferencia impartida por Pablo Ignacio de Dalmases o 16 de novembro de 2021. Pareceume unha temática moi interesante por varios motivos:

- 1) O alumnado tiña un descoñecemento total, salvo algunha excepción, deste conflito.
- 2) O tema forma parte do Curriculum de 1º de Bac que inclúe un tema sobre “Descolonización e Terceiro Mundo” no que, lóxicamente, está incluída a descolonización do Sahara Occidental.
- 3) Permitía abordar a cuestión dos dereitos humanos e do dereito internacional sobre situacións como esta. Paralelamente entraban en contacto con outras culturas e outras formas de vida.
- 4) O método de traballo abordado resultou novedoso para o alumnado pois supuxo traballar cunha fonte primaria de información realizando un traballo de investigación sobre esta cuestión. Tiñamos o enlace o xornal “La Realidad: diario bilingüe do Sahara”, fundado e dirixido por Pablo Damases no Aaiún. Foi o primeiro diario bilingüe publicado no Sahara español. Editado por Prensa e Publicación Saharauis SA e inscrito no Rexistro dos Servizo Informativos do Goberno Xeral do Sahara. Publicábase diariamente agás os luns e estaba escrito en español e hassanía. (dialecto occidental da lingua árabe, falado principalmente en Mauritania e no Sahara Occidental) .

O enlace ao xornal coloqueino na aula virtual do curso 1º de Bac para que o alumado puidese acceder aos xornais.

O traballo foi organizado en tres fases:

- a) División dos cursos de 1º de Bac Parto dun total de 43 alumnos divididos en tres grupos. Dividín cada un dos grupos en subgrupos de 3-4 alumnos que podían variar en función das necesidades. O xornal ten unhas datas de publicación entre o 18 de xuño de 1975 e o 24 de outubro dese mesmo ano Cada alumno tivo que analizar e resumir cinco xornais chegando a cubrir na súa totalidade o número de xornais existentes.
- b) Cada alumno tivo que analizar 5 xornais seleccionando as noticias que tiñan relación co conflito do Sahara. Coa información recollida elaboraron un informe no que cada un dos artigos debería ir encabezado por : título do artigo, data de publicación , número do xornal e páxina ou páxinas nas que está publicado O informe de cada un foime enviado a través dunha actividade posta na aula virtual.

- c) Posteriormente cada grupo, partindo da información recollida, elaborou e presentou na clase o seu traballo, acompañado dun contexto histórico relativo ao conflito. Para eso utilizaron información de Internet e o visionado do documental da Uned emitido por RTVE con data 25-2-2022 “ Sahara Occidental: Memoria de una resistencia” que tamén colguei na aula virtual.
- d) Desta forma mediante o visionado das distintas presentación puidemos ter un relato histórico construído a partir das súas investigacións.

Os resultados obtidos foron moi diversos, dependendo da capacidade de lectura e comprensión de cada alumno, da súa implicación co tema, do seus principios ideolóxicos, da valoración da información obtida. Houbo alumnos e alumnas que me comunicaron o seu grado de satisfacción tanto pola problemática que descoñecían como polo método de traballo que foi unha primeira experiencia moi gratificante.

-